

El examen consta de tres preguntas obligatorias a partir de la lectura del siguiente **texto**:

Cada año nos vamos acostumbrando a una especie de competición entre ciudades por ser la primera en encender su alumbrado navideño. Si en el hemisferio norte tenemos asociada la época navideña al frío y la nieve, en algunas latitudes meridionales las luces navideñas nos deslumbran aún en manga corta, lo que suscita cierta controversia entre la ciudadanía.

Por un lado, no nos podemos aislar de que los centros de las ciudades son lugares de concentración de la actividad comercial, de la hostelería y la restauración. En el ámbito de la distribución comercial está sobradamente demostrado que la atmósfera de un establecimiento (iluminación, decoración, música, etcétera) es una herramienta comercial muy útil para animar el consumo y las compras. En tal caso, podemos establecer la analogía de las luces navideñas como una estrategia acertada desde el punto de vista comercial para atraer compradores. Si a eso le unimos el ruido mediático generado por ser los “primeros” en encenderlas, puede servir también de estrategia de atracción turística. Hasta este punto estamos cumpliendo con los parámetros de una acertada política de reactivación comercial.

Al mismo tiempo, no es necesario estar muy atento a las noticias para ser conscientes del calentamiento global, de los años de récord de temperatura media, de los patrones climáticos cambiantes y los desastres naturales generados por eventos climáticos cada vez más frecuentes. Desde 2015, la Agenda 2030 de Naciones Unidas marca el camino para un desarrollo más sostenible con un objetivo claro: mantener unas condiciones de vida dignas para la humanidad en su conjunto. Parece que conforme nos acercamos al año 2030 son más las tareas pendientes que las debidamente cumplimentadas.

El impacto de las luces navideñas se enmarca de forma evidente en los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS) de la Agenda 2030, una de cuyas metas plantea reducir el impacto ambiental negativo per cápita de las ciudades. Es obligación de todos armonizar el crecimiento económico, derivado de la mayor actividad, con la reducción del impacto ambiental de nuestras acciones, sin que sirva para ello la justificación de utilizar una iluminación más eficiente. La pregunta sería: ¿necesitamos todas esas bombillas? ¿Cuántas necesitamos? La respuesta no es sencilla porque es verdad que este tipo de reclamos no sigue una función lineal y continua; y hasta que no alcanzamos un determinado nivel no se generan los efectos sobre el consumo.

La propia ONU exhorta a adoptar un estilo de vida más sostenible: consumir menos, elegir productos con menor impacto ambiental y reducir la huella de carbono en nuestras actividades cotidianas. En este sentido, investigaciones como las desarrolladas por Longinos Marín, Inés López y yo mismo (2025) ponen de manifiesto que los jóvenes responden de forma positiva a este tipo de programas, modificando su comportamiento de consumo hacia uno más sostenible. Pero esta es una tarea de todos, empresas, administraciones y sociedad en general. En una era de avances tecnológicos y científicos no debemos abandonar el pensamiento crítico y la apuesta por la ciencia, escuchar las llamadas de atención sobre la emergencia climática hacia la que nos dirigimos y repensar los modelos de desarrollo para reenfoarlos hacia modelos más sostenibles: social, económica y medioambientalmente.

(Pedro Jesús Cuestas Díaz, *El País*, 3 de diciembre de 2025, adaptado)

PREGUNTA 1. Indique, en una oración de no más de 20 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. **(2 puntos)**

PREGUNTA 2. Resuma, en una extensión aproximada de 100 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. **(2 puntos)**

PREGUNTA 3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. **(6 puntos)**

O exame consta de tres preguntas obrigatorias a partir da lectura do seguinte **texto**:

Cada ano imos afacéndonos a unha especie de competición entre cidades por ser a primeira en acender o seu alumeado de Nadal. Se no hemisferio norte temos asociada esa época do ano ao frío e á neve, nalgunhas latitudes meridionais as luces de Nadal cégannos aínda en manga curta, o que suscita certa controversia entre a cidadanía.

Por unha banda, non podemos esquecer que os centros das cidades son lugares de concentración da actividade comercial, da hostalería e a restauración. No sector da distribución comercial está sobradamente demostrado que a atmosfera dun establecemento (iluminación, decoración, música etc.) é unha ferramenta comercial moi útil para animar o consumo e as compras. En tal caso, podemos establecer a analogía das luces de Nadal como unha estratexia acaída dende o punto de vista comercial para atraer compradores. Se a iso lle engadimos a atención que xera nos medios o sermos os «primeiros» en acendelas, pode servir tamén de estratexia de atracción turística. Até ese punto estamos cumprindo cos parámetros dunha acertada política de reactivación comercial.

Ao tempo, non é necesario estar moi atento ás noticias para ser conscientes do quecemento global, dos anos de récord de temperatura media, dos padróns climáticos cambiantes e os desastres naturais xerados por eventos climáticos cada vez máis frecuentes. Dende 2015, a Axenda 2030 das Nacións Unidas marca o camiño cara a un desenvolvemento máis sostíbel cun obxectivo claro: manter unhas condicións de vida dignas para a humanidade no seu conxunto. Parece que conforme nos achegamos ao ano 2030 son máis as tarefas pendentes que as debidamente realizadas.

O impacto das luces de Nadal enmárcase de maneira evidente no Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS) da Axenda 2030, unha de cuxas metas suxire reducir o impacto ambiental negativo per capita das cidades. É obriga de todos harmonizar o crecemento económico, derivado da maior actividade, coa redución do impacto ambiental das nosas accións, sen que sirva para iso a xustificación de utilizar un alumeado máis eficiente. A pregunta sería: precisamos de todas esas lámpadas? De cantas precisamos? A resposta non é sinxela porque é verdade que este tipo de reclamos non segue unha función lineal e continua; e até que non acadamos un determinado nivel non se xeran os efectos sobre o consumo.

A propia ONU exhorta a adoptar un estilo de vida máis sostíbel: consumir menos, elixir produtos con menor impacto ambiental e reducir a pegada de carbono das nosas actividades cotiás. Neste sentido, investigacións como as desenvolvidas por Longinos Marín, Inés López e eu mesmo (2025) poñen de manifesto que as persoas novas responden de xeito positivo a este tipo de programas, modificando o seu comportamento de consumo cara a un máis sostíbel. Mais esta é unha tarefa de todos, empresas, administracións e sociedade en xeral. Nunha era de avances tecnolóxicos e científicos non debemos abandonar o pensamento crítico e a aposta pola ciencia, escoitar as chamadas de atención sobre a emerxencia climática cara á que nos diriximos e repensar os modelos de desenvolvemento para reenfocalos cara a modelos máis sostíbeis: social, económica e ambientalmente.

(Pedro Jesús Cuestas Díaz, *El País*, 3 de decembro de 2025, adaptado e traducido)

PREGUNTA 1. Indique, nunha oración de non máis de 20 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. **(2 puntos)**

PREGUNTA 2. Resuma, nunha extensión aproximada de 100 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. **(2 puntos)**

PREGUNTA 3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de xeito argumentado e razoado, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. **(6 puntos)**